



CONCELLO DE
A FONSGRADA

Praza do Concello, s/n
27100 A Fonsagrada (Lugo)
Tel.: 982 34 00 00
Fax.: 982 34 00 01

**BASES PARA O NOMEAMENTO CON CARÁCTER INTERINO DUN CONDUCTOR DE
MOTONIVELADORA AO ABEIRO DO PROGRAMA DE FOMENTO DO EMPREGO 2018
FINANCIADO POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO**

1. OBXECTO DA CONVOCATORIA

O obxecto da presente convocatoria é a selección para o nomeamento con carácter interino dun condutor de motoniveladora ao abeiro do Programa de fomento do emprego 2018 por exceso ou acumulación de tarefas de acordo co disposto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

2. DURACIÓN

A duración do nomeamento será como máximo de seis meses e terá como data límite o 30 de setembro do 2019.

3. REQUISITOS DOS ASPIRANTES

Para participar no proceso de selección os aspirantes deberán reunir na data de finalización do prazo de presentación das instancias os seguintes requisitos:

- a) Ser español ou nacional dos demais estados membros da Unión Europea. Así mesmo, poderán participar no proceso selectivo os estranxeiros que reúnen a condición de cónxuxes de españois ou de nacionais doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito, e os seus descendentes e os do cónxuxe menores de 21 anos ou maiores que vivan ás súas expensas.
- b) Posuír capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin encontrarse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado.
- e) Posuír titulación de certificado de escolaridade ou equivalente.
- f) Estar en posesión do carné de conducir B.
- g) Estar en situación de desemprego. De acordo co establecido no último párrafo do artigo 8.1 das Bases reguladoras do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2018 "É imprescindible que as persoas a contratar a través deste programa produzan novas



CONCELLO DE
A FONSGRADA

*Praza do Concello, s/n
27100 A Fonsagrada (Lugo)
Tel.: 982 34 00 00
Fax.: 982 34 00 01*

contratacións no Concello, polo que a situación ou procedencia dos candidatos debe provir de situación de desemprego ou de mellora de emprego para os casos en que a xornada de traballo sexa igual ou inferior ao 50% da xornada, quedando excluídos os custes de persoal referidos a traballadores incluídos no cadro de persoal vixente do Concello.

Todos os requisitos anteriores deberán terse no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes.

4. PUBLICIDADE

A publicidade da convocatoria realizarase mediante a publicación dun anuncio no BOP de Lugo. As bases completas publicaranse na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello. Os sucesivos anuncios publicaranse no taboleiro de anuncios do concello.

5. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Os que desexen participar no proceso de selección deberán facelo constar mediante instancia dirixida ao Sr. Alcalde, segundo modelo oficial que se inclúe como Anexo I ás presentes bases, no prazo de 7 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria. Se o último día coincidise en día inhábil ou en sábado o prazo quedará prorrogado ata o seguinte día hábil inclusive.

As instancias deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

- a) Fotocopia do DNI.
- b) Fotocopia cotexada da titulación esixida.
- c) Informe de vida laboral actualizada e informe de inscrición como demandante de emprego emitido polo Servizo Público de Emprego.
- d) Fotocopia cotexada dos documentos xustificativos dos méritos que se aleguen.
- e) Fotocopia cotexada do carné de conducir B.

A presentación de solicitudes farase no Rexistro do Concello da Fonsagrada ou a través das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas. No caso de presentarse a solicitude en rexistro distinto ao do Concello da Fonsagrada deberá adiantarse por fax copia da instancia dentro do prazo de presentación das solicitudes (Nº de fax 982340001).

6. ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Unha vez finalizado o prazo de presentación de instancias, ditarase resolución declarando aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos e publicarase no taboleiro de edictos do Concello e na páxina web, concedendo un prazo para subsanación de defectos.

Unha vez transcurrido o prazo de subsanación de deficiencias publicarase a lista definitiva de admitidos e excluídos.



CONCELLO DE
A FONSGRADA

*Praza do Concello, s/n
27100 A Fonsagrada (Lugo)
Tel.: 982 34 00 00
Fax.: 982 34 00 01*

7. SISTEMA DE SELECCIÓN.

O sistema de selección constará de 2 fases:

Fase I.- Proba escrita (5 puntos)

Exame tipo test. Valorarase cun máximo de 5 puntos.

Consistirá en contestar por escrito un exame tipo test sobre o programa que aparecen no Anexo I.

Para superar esta proba será necesario acadar unha puntuación mínima de 2,5 puntos.

Fase II.- Proba práctica (5 puntos)

Realización dunha proba práctica relacionada cas funcións a desenvolver no posto.

Esta proba terá carácter obrigatorio e eliminatorio, sendo necesario acadar unha puntuación mínima de 2,5 puntos para superarla.

8. TRIBUNAL DE SELECCIÓN

O tribunal de selección será designado polo Alcalde mediante Decreto, una vez aprobadas as listas definitivas de aspirantes.

9. RELACIÓN DE ASPIRANTES E CUALIFICACIÓNS

Rematada a cualificación, o Tribunal publicará no taboleiro de anuncios do Concello a relación de aspirantes pola orde obtida por cada un deles, seleccionándose o aspirante que acade maior puntuación.

10. NOMEAMENTO

Unha vez rematado o proceso efectuarase o nomeamento e a toma de posesión como funcionario interino.

En tanto non se formalice o nomeamento e toma de posesión o aspirante proposto non terá dereito á percepción de ningunha cantidade económica.

11. BOLSA DE EMPREGO

Cos traballadores non seleccionados que superaron o proceso selectivo formarase unha bolsa de reserva para o suposto de baixa, renuncia ou outras causas de cese do traballador seleccionado.

A vixencia máxima da bolsa será ata o 30 de setembro de 2019.



CONCELLO DE
A FONSGRADA

*Praza do Concello, s/n
27100 A Fonsagrada (Lugo)
Tel.: 982 34 00 00
Fax.: 982 34 00 01*

ANEXO I

Tema 1. O Concello da Fonsagrada. Poboación e territorio: Parroquias e aldeas, vías de comunicación.

Tema 2.- O Concello da Fonsagrada. Organización

Tema 3.- Nocións básicas para o desenvolvemento do posto de condutor de motoniveladora.

Tema 4.- Prevención de riscos laborais



CONCELLO DE
A FONSGRADA

Praza do Concello, s/n
27100 A Fonsagrada (Lugo)
Tel.: 982 34 00 00
Fax.: 982 34 00 01

ANEXO II

SOLICITUDE DE ADMISIÓN NO PROCESO SELECTIVO PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA PARA O NOMEAMENTO CON CARÁCTER INTERINO DE CONDUCTOR DE MOTONIVELADORA, AO ABEIRO DO PROGRAMA DO FOMENTO DO EMPREGO 2018 FINANCIADO POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

1.- POSTO DE TRABALLO AO QUE OPTA

--

2.- DATOS PERSOAIS

APELIDOS	NOME
ENDEREZO	
DNI	TELEFONO
Nº SEGURIDADE SOCIAL	DATA DE NACEMENTO

SOLICITA:

Participar nas probas selectivas, a que se refire a presente instancia, facendo constar que tódolos datos consignados son certos e que reúno todas e cada unha das condición esixidas, referidas á data do remate do prazo sinalado para a presentación da instancia, nas bases que declaro coñecer.

A Fonsagrada , de 2018

Sinatura do solicitante

Asdo.

Documentación que se achega:

- Copia do DNI.
- Copia compulsada do título esixido.
- Informe de vida laboral actualizado e informe de períodos de inscrición como demandante de emprego emitido polo Servizo Público de Emprego
- Copia compulsada da documentación acreditativa dos méritos alegados.
- Copia compulsada do carnet de conducir (B)

SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DA FONSGRADA